

# libros para soñar

LIBRARÍA ESPECIALIZADA EN LITERATURA INFANTIL E XUVENIL



**OUTONO LITERARIO  
E MUSICAL**

**CONTACTOS**  
**Achégase o Nadal**

SESIÓN VIRTUAL PARA MAIORES DE 6 ANOS  
con **Bea Campos e Manuel Pombal**  
Venres, 27 de novembro, ás 18,00 h.  
Conéctate ao Facebook e ao Instagram de Libros para soñar

Este evento recibiu unha axuda para actividades de difusión do libro e da lectura - 2020  
XUNTA DE GALICIA

## LIBROS PARA SOÑAR PRESENTA ESTE SÁBADO “O BOLERO DE RAVEL” E CONTINÚA REALIZANDO CONTACTOS PRESENCIAIS E VIRTUAIS

LIBROS PARA SOÑAR (rúa Triunfo, 1) retransmitirá este venres, a partir das 18:00 horas e a través das súas canles en Facebook e mais Instagram, unha nova sesión virtual de contacontos coa narradora Bea Campos e co músico Manuel Pombal. Dirixida a nenas e nenos a partir de seis anos e ás familias, o fío condutor das historias será o Nadal. Ademais das actividades en liña, a librería infantil e xuvenil do Casco Vello vigués continúa realizando encontros presenciais: este sábado organiza unha presentación para público adulto -docentes, mediadores...- do libro musical “O Bolero de Ravel”, con dúas quendas ás 11:30 e ás 12:30 horas.

Despois de “As catro estacións: Vivaldi” ilustrado por Emilio Urberuaga, “O carnaval dos animais: Saint-Saëns” coa proposta plástica de João Vaz de Carvalho e “Cadros dunha exposición: Mussorgsky” con ilustracións de Xosé Cobas, a colección de música clásica -que presenta textos de José Antonio Abad realizados a partir das composicións- suma este afamado clásico de Maurice Ravel, con Federico Delicado como ilustrador.

Fronte aos títulos anteriores publicados en formato libro-disco, este novo título ofrece a posibilidade de escoitar distintas audicións do Bolero a través de códigos QR que conducen aos concertos de prestixiosas orquestras: Sinfónica de Galicia, Filharmónica de Viena...

Ademais, a librería acolle unha exposición das ilustracións de Federico Delicado, nas que destaca a representación dos músicos como animais humanizados, coa particularidade de que as especies escollidas están en perigo de extinción. A presentación deste libro, a cargo da narradora Bea Campos, ten capacidade limitada, polo que cómpre inscrición previa no enderezo de correo electrónico [lbs@kalandraka.com](mailto:lbs@kalandraka.com).



**OUTONO LITERARIO  
E MUSICAL**

libros para soñar  
LIBRARÍA ESPECIALIZADA  
EN LITERATURA INFANTIL  
E XUVENIL

SESIÓNS PARA ADULTOS (MEDIADORES)

Sábado, 28 de novembro, ás 11,30 h. e ás 12,30 h.

presentación de  
**«O bolero de Ravel»**  
con **Bea Campos**

A FORO LIMITADO. Con inscrición previa enviando mail a [lbs@kalandraka.com](mailto:lbs@kalandraka.com)

Este evento recibiu unha axuda para actividades de difusión do libro e da lectura - 2020  
XUNTA DE GALICIA

A axenda de actividades do mes de decembro comezará o próximo mércores día 2 cunha sesión presencial de contacontos para bebés de 0 a 3 anos, impartida polas libeiras Sandra Senra e Carmela Sieiro. Atendendo á capacidade limitada da sala, realizarase en dúas quendas ás 17:30 e ás 18:15 horas, polo que cómpre inscribirse con antelación en [lbs@kalandraka.com](mailto:lbs@kalandraka.com)